

Miña alma,

Póño-me a escribir esta carta de amor, e non porque teña a idea de que podes lela, pois sei que non. A verdadeira razón é a convocatoria dun concurso de cartas de amor no que, por vez primeira, teño a oportunidade e quero comunicarme de modo escrito contigo. E agora, cando a min xa pouco me queda de vida e realmente non sei nin si te encontras enfermo ou estás realmente vivo, quéroche mostrar o que ti fuches e es para mín e, tamén, o mal que por momentos te tratei. Nestes últimos anos, soa xa nas postrimerías da vellez, aínda que ti non o saibas, estiven ó teu carón fielmente, sen pensar xa no outro, porque lle quero chamar así: *o outro*. El hai tempo que desapareceu do meu cotío e ata hai moi pouco pensaba que non voltaría a traer problemas ó noso entorno. Pero non é así. Cando xa teño case todo feito, cando os meus complexos e as miñas dúbidas xa son auga pasada, a historia parece repetirse. Sei que el sempre andou por aí, pero non pensaba que sería necesaria esta misiva para mostrar non só a miña total lealdade ó noso amor, que xamais se extinguiu, senón tamén a miña preocupación pola especial atención que se lle está dando á súa reiterada presenza.

Pero voltemos a vista atrás. Pódese dicir que nacín contigo, ti estabas na miña casa, na miña eira, nas nosas leiras, eras parte da miña vida. Polo contrario, a el coñecino pola radio, penso, aínda que non o recordo moi ben. Creo que a primeira noticia del foi polas novas nas que era o protagonista. Xuntabámonos cada domingo polas mañanciñas na casa do meu tío, quen era o que tiña o moderno receptor *Philips*, ao redor desa radio cheíña de nomes iluminados de cidades do máis exóticas...aínda que nós acababamos sempre escoitando o “parte” de Radio Nacional de España —o meu padriño sempre dicía que había cousas mellores na radio, pero eu nunca fun a escoitala na súa casa—. Quizais o encanto da radio, sumado á túa monótona cotiandade, foi unha das razóns polas que ti quedaches rebaixado ou eclipsado pola súa imaxe. Ti eras o de tódolos días, o veciño, o caldo cotiá, el era coma o bacallau dos domingos, co seu elegante sabor. Non seí, pode ser que aí nacera a diferenza.

E agora son vella, moi vella, e lembro con tristura cando te apartaron de min. Sei que eran outros tempos, pero houbo tanta xente que non quixo que estiveramos unidos...Lembro cando chegamos á escola, e como desde o primeiro día foi unha regra o non poder estar xuntos. A regra marcouna aquela profesora chegada de fóra, da cal non podo recordar o nome, porque anque din que sempre recordas o nome do teu primeiro mestre ese non foi o meu caso. Sí me lembro do ditoso uso do *doña*, e como ela non trataba do mesmo xeito a miña nai, cando era unha muller moito maior ca ela. Tamén teño a imaxe da mestra cando chegaba polo camiño co feixe de libros nas mans e con aquelas gafas que a dotaban dun aire moi atractivo, ou, polo menos, atractivo para unha nena coma min. Na primeira clase xa quedou espetado que ti eras pouco para min, que unha neniña tan xeitosa tiña outro tipo de aspiracións, que tiña uns ollos grandes e vivos que delataban unha evidente intelixencia, e que, aínda que a miña xente era como era, eu tiña que mirar para arriba, chegar a máis. E, ¿por que non? eu sentiame extraña con el, pero sí, máis estiloso parecía, aínda que non soaba a musicalidade das corredoiras, e non cadraba coa sega, coa malla ou simplemente cando nos xuntabamos todos os da familia para cavar ou, no meu caso, recoller as patacas. El a min recordábame á cidade, aos aires da xente fina, de “los señoritos”. Era como o que podía ler no libro de texto, alí estaba sempre. Pola contra, estando ao teu lado tiña complexo, tiña complexo por pasear e expresarme contigo, e ti, sen ter culpa, acomplexábasme. A nosa relación sei que era e podería chegar a ser de verdadeiro amor e non unha relación falta de romanticismo, case imposta polo tempo, pola xente e polas circunstancias.

A el sempre o deixaba na escola, pero cando visitaba a cidade coas miñas amigas o cos meus pais, volvía estar presente. Víaio polas rúas, no sanatorio, no “ayuntamiento”, polas tendas, estaba en todas partes e eu sentíao cerca de min, intimidándome e poñéndome nerviosa. Eu quería actuar do mellor xeito, saber estar, ser toda unha señorita. Ti, polo contrario, xa non estabas na escola pero encontrábate cando voltaba a casa dos meus pais ou na casa do raro do meu padriño...

Lembro tamén as festas de verán, os patróns, e como chegaba a darme vergonza falar contigo e prefería falar con el, porque si, porque parecía máis delicado, porque

chegaba todo fachendoso, porque era coma un veraneante na nosa aldea. ¿Que queres? Facíanme sentir máis persoa, considerábame e cría que me considerarían máis se estaba co outro. E sen embargo, coñecía bastante menos cá ti e era moito máis difícil falar con el. Ti e máis eu falabamos das nosas cousas, as cousas que me ensinaron os meus avós, os meus pais. O outro non entendía nin a metade. Falaba, pero sempre se notaba o poso da artificialidade, a mesma que cando falaban con el os meus amigos. Contigo podía falar das cousas cotiás, estar cómoda, pero sobre todo podía rir, iso era o máis importante, poder rir, non ter que gardar a compostura.

Non fun capaz de valorar a túa dozura, o teu son, como nas nosas conversas ti sabías do que falabas, como tiñas o meu mundo nas túas mans, o meu pasado, a historia do meu pequeno pobo, dos meus devanceiros. Sen embargo, el, tan distanciado e alonxado, paseaba “el buen porte y la elegancia” das súas palabras e solucionaba o meu marcado complexo de inferioridade.

E despois da escola recordo cando comecei a andar con el, e os meus estaban moi orgullosos, que se mira para a rapaza, que que estilosa, que non o esperaban dunha humilde rapaza de pobo. Tampouco estaban todos os da familia a favor da miña relación. Lémbrome do meu padriño, que sempre tivo as cousas moi claras respecto a ese tema. A el non lle gustaba ese tipo de xente porque non era coma nós, porque no fondo, non eran capaces de tratar as nosas cuestións, os nosos problemas. Sen embargo, para a miña familia, non é que estivera mal andar contigo pero era moito mellor estar e vivir con el, porque, como escribiu García Márquez, “una familia dignificada por la modestia” tiña que aproveitar esa mellora, ese paso adiante ao ter os fillos relacionándose, comunicándose con el.

Pero o tempo pasou e xa non hai volta atrás, unicamente as lonxanas lembranzas que estou transcribindo nesta carta. E agora teño remorsos, duros remorsos de non estar máis contigo naqueles tempos, de disfrutarte, de abrazarte, de casar contigo, porque tampouco na igrexa estabas presente, algo que non lle gustaba ós meus pais, que coma católicos afeitos á liturxia tradicional non vian moi ben a presenza desta clase de herexes

nin cerca do adro. O padriño, que non pisaba a igrexa desde a morte da súa muller, sempre dicía que os maiores herexes eran os mesmos curas, e que se eu non o entendía que mirara o significado da palabra nun dicionario.

Xa maltratado na túa marcha, anos despois voltaches distinto, irrecoñecible para min, pero eu abrinche de novo as portas. Non eras o mesmo pero, sen dúbida, eras ti. Paradóxicamente, encontreite tamén na radio, na televisión, no cine, e vinte na escola cando levaba ós meus netos. E pensei que foi unha mágoa que os meus fillos non te coñeceran da forma axeitada, porque os meus fillos son del. Quixera telos todiños contigo, ou polo menos, que tiveran a oportunidade de coñecerte como os meus netos. Non sei como te acollerían, e os netos...os netos xa veremos...

E sí, agora podo afirmar pacientemente que morrerei contigo, idioma galego, idioma e non dialecto como adoitaba dicir a maestra *doña* non me lembro. Aos meus oitenta e nove anos, xa nunca te deixarei, e poderei, despois de tanto tempo, pedirche perdón —aínda que non quero cargar con toda a culpa— e deixar no caixón o finximento, porque xa non hai nada que ocultar, e voltar a ser quen son, quen fun, quen nacín. Se ben leda, sei que é demasiado tarde...máis espero que os meus netos, porque os meus fillos son quizais vítimas do meu complexo e da miña ignorancia, poidan recordar esta carta que che escribo, anque sei que pare eles é moi distinto. Eles non tiveron o contacto natural que eu tiven contigo. Con todo, supoño que tampouco tiveron nin terán nunca os obstáculos e os complexos que eu tiven que superar.

Eternamente túa,